

# PLAN DE CONVIVENCIA

Curso 2023/2024

CEIP de Roxos



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1 Normativa.....	3
1.2 Definición e principios de convivencia.....	3
1.3 Modelo de convivencia.....	4
1.4 Definición de conflito.....	5
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO.....	7
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	13
4. ACTUACIÓNS.....	14
1. Dirixidas ao alumnado.....	14
2. Dirixidas ao profesorado.....	23
3. Dirixidas as familias.....	24
5. RESPONSABLES.....	24
6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.....	26
6.1. Características do acoso escolar.....	27
6.2. Protocolo de actuación.....	29
7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	32
7.1. Xerais.....	32
7.2. Concretas para o alumnado.....	34
7.3. Aula.....	35
7.4. Dereitos e deberes das familias.....	37
7.5. Dereitos e deberes do alumnado.....	38
7.6. Dereitos e deberes do profesorado.....	39
7.7. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos.....	40
7.8. Incumprimento das normas de convivencia.....	41
8. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.....	42
8.1. Medidas correctoras.....	43
9. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	43
9.1. Funcións.....	43
9.2. Composición.....	44
9.3. Reunións.....	45



9.4. Plan de actuación .....	45
9.5. Aula de convivencia inclusiva.....	45
9.6. Escola de nais e pais (ENAPA) .....	46
10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA .....	46
12. PLAN DE IGUALDADE.....	50
ANEXOS .....	52
13. APROBACIÓN DO PLAN .....	69



# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1 Normativa.

O presente documento para o fomento da convivencia na comunidade educativa elaborouse conforme ao establecido na normativa:

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 8/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

## 1.2 Definición e principios de convivencia.

A convivencia é a capacidade que temos os seres humanos para vivir xuntos, respectando e aos demais, coas súas diferenzas, distintos modos de pensar, de ser, de estar e de sentir. É un dos pilares esenciais dunha sociedade tolerante, democrática e inclusiva.

A escola debe ser un espazo de convivencia e de respecto mutuo, entre todos os membros da comunidade educativa. A convivencia debe rexir o día a día do centro, non só nos momentos de recreo e de ocio, nas entradas e saídas, no comedor, tamén nos tempos de estudo, de atención e de traballo. Esta maniféstase tamén dunha forma mais sutil: está presente na forma de organizar o tempo, de dividir ao alumnado en grupos, de avaliar e de impartir os contidos.

Os problemas de convivencia e disciplina condicionan o desenvolvemento do proceso educativo. Hai episodios ás veces pouco visibles pero persistentes, que afectan as relacións cotiás. A convivencia abórdase en positivo, como obxectivo fundamental do proceso educativo, que conleva actitudes de aceptación e respecto, preparando ao neno/a para a vida adulta e facilitando o clima escolar de aprendizaxe.

Traballar a convivencia supón promover un espazo e un clima para a prevención de fenómenos disruptivos, perturbadores e violentos. Fundaméntase en compromisos compartidos e prácticas responsables de toda a comunidade educativa. A mellora da convivencia ten que adoptar un enfoque preventivo, participativo e comunitario. O obxectivo último é promover unhas boas relacións sociais entre todos os membros da comunidade educativa. Isto non significa que non haxa que intervir nos casos nos que se creba a convivencia e se producen feitos disruptivos. A prevención non exclúe nin evita a necesidade de adoptar en certos casos medidas coercitivas ou punitivas. Así pois, un proceso educativo orientado á mellora da convivencia terá que crear e manter un clima escolar apropiado que contribúa a ter un centro seguro, dialogante, que proporcione aos seus membros un sentido de pertenza, acollendo e protexendo. Pero tamén terá que planificar e poñer en práctica estratexias para a resolución de conflitos, definindo a situación conflitiva, buscando alternativas e empregando, se é o caso, técnicas apropiadas para a negociación e resolución dos problemas.

Educar para a convivencia supón:

- Educar no respecto e a tolerancia.
- Educar na participación, e a democracia: implica facer partícipe, na medida das súas posibilidades, ao alumnado dos procesos de toma de decisións.
- Educar no diálogo: implica a escoita de todos e todas, outorgando valor aos distintos puntos de vista.
- Educar na solidariedade e o compromiso coa comunidade.

### 1.3 Modelo de convivencia

Abordamos a convivencia non desde un modelo punitivo (aplicación de sancións como principal medida para manter a convivencia) nin meramente relacional das partes en conflito, senón dende un modelo integrado no que os procedementos para a resolución de conflitos queden recollidos nos documentos do centro e apoiados en estruturas potenciadoras do diálogo, a mediación, a participación e as aprendizaxes cooperativas.



Partimos dunha toma de conciencia e dun diagnóstico do estado inicial, revisando as concepcións sobre a convivencia e os conflitos e valorando o clima de centro.

A nivel do conxunto da comunidade educativa: a convivir apréndese dos demais, e cos demais, desenvolvemento a capacidade de escoita, de diálogo, de reflexión, de empatía, a capacidade para ceder, de atopar puntos de encontro e de distinguir o esencial do accesorio. A convivir apréndese tamén dos modelos que nos rodean, polo que a tolerancia e o respecto de maiores con pequenos, de profesorado con alumnado, de docentes con outro persoal, de familias con outros membros da comunidade son esenciais para a aprendizaxe mutua de comportamentos cívicos, tolerantes e respectuosos.

A nivel de centro trátase de conseguir unha cultura e un clima nos que as relacións interpersoais contribúan á formación dos nenos/as e do conxunto da comunidade escolar.

A nivel de aula emprenderemos accións co grupo-clase como unidade básica do clima afectivo e relacional no centro, implicando, na medida das súas posibilidades, ao alumnado nos procesos de reflexión e toma de decisións conxuntas que favorezan a resolución de conflitos e a aceptación das normas.

A nivel individual será preciso intervir co alumnado en situacións de conflito, protagonistas e espectadores dos mesmos, prestando especial atención ás relacións interpersoais e a competencia socio-afectiva dos participantes.

A nivel das familias e do contorno trátase de velar pola coherencia de principios e actuacións entre a familia e o centro establecendo vínculos e criterios comúns de actuación.

Os espazos físicos -o seu tamaño, disposición do mobiliario, decoración, son..- condicionan as relacións interpersoais que teñen lugar neles, polo que se porá especial atención á progresiva adecuación de aulas, corredores, patio de recreo, zonas de xogo, e outras dependencias do centro, para convertilas nun “aliado” dun clima relacional sosegado, amigable e inclusivo.

## 1.4 Definición de conflito.

As persoas non sempre compartimos puntos de vista, percepcións, intereses e opinións...



Cando dúas ou máis persoas perseguen un mesmo interese ou teñen intereses contrapostos e non é posible a colaboración xorden desacordos que poden levar a confrontacións ou enfrontamentos. A isto é ao que chamamos conflito. O conflito, pois, é algo inevitable e inherente á condición humana porque non todos temos as mesmas opinións, intereses ou desexos. Pero isto non pode levar a que a consecuencia desas diferencias sexan o empeoramento das relacións e a violencia mediante agresións verbais ou físicas que impidan a convivencia pacífica, senón que debe converterse nun elemento positivo e enriquecedor que permita a evolución positiva e o establecemento dunhas relacións baseadas no acercamento, a comprensión mutua, a empatía, o respecto e a colaboracións. Conseguir isto último depende do modo de afrontar os conflitos.

Normalmente dásele á palabra conflito unha connotación negativa como situación que con leva enfrontamento, falla de harmonía e ausencia de paz. Sen embargo os conflitos pódense resolver dunha maneira pacífica e negociada adquirindo así o conflito unha vertente educativa cando se resolve pola vía da empatía para entender a posición do outro, da asertividade para defender a propia posición e a vontade de chegar a unha resolución o máis beneficiosa posible para ambas partes.

O conflito é inevitable como consecuencia de vivir nun mundo plural e no que a diversidade é unha fonte de enriquecemento mutuo.

Unha visión positiva do conflito supón definilo da seguinte maneira:

*Os conflitos son situacións nas que dúas ou máis persoas entran en oposición ou desacordo porque os seus intereses, posicións, necesidades ou valores son incompatibles ou percibidos como tales, onde teñen un papel moi importante as emocións e os sentimentos, e onde as relacións entre as partes poden robustecerse ou deteriorarse segundo sexa a forma de abordalos.*

Non é conflito, pois, sinónimo de violencia. A violencia é unha consecuencia negativa do tratamento equivocado que damos ao conflito e da súa mala resolución, é unha actitude que arrebatada ao ser humano o máis fundamental da súa existencia: a dignidade e a liberdade.



Nos centros escolares suceden conflitos de diverso tipo. Pero isto non ten que ser motivo de preocupación, xa que o entenderemos como algo natural e inevitable en calquera contexto de convivencia entre seres humanos. O conflito é un choque de intereses que, ben resolto por medio da negociación e o acordo, levaranos a medrar como persoas.

Debemos establecer a resolución de conflito na aula e noutros espazos do centro como tarefa compartida entre todas as persoas da comunidade educativa non é soamente tarefa do profesor/a que está nese momento na aula. Os valores como a solidariedade, tolerancia e o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos deben impregnar a vida diaria do centro, establecéndose as relacións en base a eses principios co obxectivo de que os nenos/as observen eses valores e os tomen como modelos, interiorizando os mesmos e facéndoos seus. Así pois, o exercicio da tarefa docente non pode ser contemplado como unha tarefa por horas lectivas ou sesións de clase, xa que é unha tarefa común de todos todo o tempo.

## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

No curso 2018/2019 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elaborou un Informe a partir da recollida de datos sobre a convivencia para os distintos sectores da Comunidade Educativa que reflicten os seguintes resultados:

### **Respostas do alumnado**

**Sobre o coidado dos materiais e das instalacións do centro.** O centro está ben coidado pero algunhas veces tírase lixo no chan, fanse pintadas nas mesas, nas paredes, nos aseos, que pola súa antigüidade non son todo o funcionais que deberían...

**Sobre a forma de resolver os conflitos.** Os conflitos resólvense: falando entre todos, falando co profesorado en privado, escoitando os consellos do profesorado e impoñendo sancións cando corresponde.

**Sobre a situación da igualdade e da inclusión no centro.** A inmensa maioría dos estudantes apóianse mutuamente e respéctanse entre eles.

**Sobre a frecuencia de condutas negativas no centro.** As condutas negativas máis frecuentes son: insultar; poñer alcumes ou rirse doutra persoa; interromper, molestar e non



deixar dar clase ao profesorado; dicir mentiras ou rumores sobre alguén, e algunhas veces deixar de lado e non facer caso a algún compañeiro ou compañeira, culpar a alguén de algo que non fixo, pequenas chantaxes a compañeiros/os para conseguir algo...

**Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia.** Os problemas xorden principalmente no tempo de lecer, no transporte escolar e en menor medidas nos arredores do centro, durante as clases, no comedor, ao entrar e saír da clase.

**Sobre a condición de presunta vítima.** Unha sexta parte do alumnado manifesta ter padecido algunha conduta negativa; é similar a porcentaxe dos que manifestan que recorreron a pedir axuda a un compañeiro ou compañeira antes que a un adulto do centro.

Este tipo de comportamentos din telos recibido maioritariamente de compañeiros ou compañeiras da mesma clase.

**Sobre a condición de presunto agresor ou agresora.** Arredor dun 8,9% recoñecen ter tido algunha conduta negativa pola que –aquí coincide a totalidade- recibiron como medida correctora estar traballando nun lugar fóra da clase, quedar sen recreo ou facerse cargo dos danos.

**Sobre a satisfacción do centro.** O 88% do alumnado está satisfeito co centro.

### **Respostas do profesorado**

**Respecto á evolución da convivencia no centro nos últimos tres anos.** Un 62% considera que empeorou, un 25% que mellorou e o 13% non responden. Ante a cuestión de se existen problemas de convivencia no centro, un 50% do profesorado non responde, o 12,5% considera que existen problemas e o 37,5% considera que non.

**Sobre o coidado das instalacións do centro.** A totalidade do profesorado considera que normalmente cóidanse.

**Sobre os documentos do centro.** O profesorado manifesta non ter un coñecemento exhaustivo dos documentos de organización do centro e considera, maioritariamente que os problemas de convivencia no centro son puntuais e que a súa formación en materia de convivencia escolar é boa.



Pero ten coñecemento dos seguintes protocolos/normas que favorecen a convivencia: protocolo de absentismo, dereitos e os deberes do alumnado, normas de convivencia, ordenas entradas e saídas do centro, así como no comedor.

**Considera axeitado.** Desenvolver programas para adquirir habilidades e competencias sociais destinados a todos os membros da comunidade educativa, formular a mellora da convivencia como obxectivo central da intervención no PEC, traballar as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción tutorial, aplicación rigorosa e sistemática das normas de convivencia, favorecer unha maior participación do alumnado na solución de problemas.

**Sobre a resolución de conflitos.** As formas de resolver os conflitos son: dialogando para intentar chegar a acordos, tratando o conflito entre todos (titor/a, profesorado, xefatura de estudos e alumnado), dando consellos ao alumnado e con solucións colectivas e individuais.

**Sobre a relación coas familias.** O profesorado opina que existe boa relación coas familias, as cales mostran interese polos estudos e a relación dos seus fillos e fillas cos seus iguais e profesorado. A maior parte das familias escoitan ao profesorado chegando a acordos de actuación.

**Sobre a igualdade e a inclusión.** A maioría do profesorado considera que hai respecto mutuo entre o alumnado e docentes e que ambos sectores son receptivos á variedade de identidades de xénero, así como a outras diferenzas en canto a aptitudes, cor de pel, opción relixiosa...

**Sobre a satisfacción co centro de traballo.** O 75% do profesorado móstrase satisfeito sendo un 25% o que se pronuncia como insatisfeito.

### **Respostas das familias**

**Sobre a convivencia no centro nos últimos tres anos.** O 42,1% consideran que mellorou, un 17,9% considera que empeorou e un 40% non responden a esta cuestión. O 50% consideran que no centro existen problemas de convivencia só de xeito puntual. No referente á formación en materia de convivencia escolar consideran máis formada a comunidade educativa en xeral que a propia familia.



Sobre a existencia actualmente de problemas de convivencia no centro o 64,3% considera que non existen e un 28,6% que existen só de maneira puntual.

**Sobre o coidado dos materiais e das instalacións do centro.** Consideran que no centro se coidan os materiais e as instalacións.

Maioritariamente manifiestan facer un seguimento do día a día dos seus fillos e fillas e están en contacto co profesorado.

**Sobre a participación na vida do centro.** Séntense parte activa da comunidade educativa e dun proxecto común, considéranse informados para participar na vida do centro, séntense escoitados polo profesorado e chegar con el a acordos de actuación.

**Sobre a situación de igualdade e inclusión no centro.** Consideran que as familias e o equipo educativo colaboran.

**Sobre a condición de presunto/a vítima e/ou agresor/a.** A maioría das familias afirman que os seus fillos e fillas nunca foron vítimas nin agresores. Un 3,6% di que o seu fillo e filla foi vítima dalgunha agresión. No caso das vítimas, as agresións foron de tipo físico.

**Respecto ás decisións do titor ou titora sobre o comportamento do seu fillo ou filla.** O 89,3% acostuma a apoiar as decisións do profesorado titor.

**Sobre a satisfacción co centro.** O 85,7% maniféstanse satisfeitas co centro.

### **Conclusións da avaliación.**

O centro presenta unha conflictividade baixa e ocasional. A resolución de conflitos segue as pautas establecidas nos documentos de convivencia. As familias manifiestan estar informadas do día a día dos seus fillos e fillas, colaborar co equipo docente e estar satisfeitos co centro.

Aínda así, convén mellorar algúns aspectos como:

a) Alumno:

- Coidado das instalacións (aseos, mesas, ...)
- Respecto entre iguais (no patio, corredores, ...)

- Aproveitamento das clases, mellora da atención.
- Asunción de responsabilidades.

b) Profesorado:

- Desenvolver programas para adquirir habilidades e competencias sociais.
- Favorecer unha maior participación do alumnado na solución de problemas.
- Potenciar a mellora da convivencia en todos os eidos de xestión do centro e favorecer a participación do alumnado na mesma.

O estado da convivencia no centro considérase satisfactorio. Non existindo graves problemas de convivencia, o clima de traballo é positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos distintos sectores da comunidade educativa como entre eles, é correcto e respectuoso polo xeral, se ben xorden puntualmente desencontros ou discrepancias ás que se procura encauzar positivamente mediante a exposición aberta das distintas posicións, ideas e opinións, para a través do diálogo, a reflexión e o debate, chegar a conclusións democraticamente acordadas, sempre no marco das normativas legais de aplicación, e consecuentemente asumidas e aplicadas.

As condutas problemáticas que xorden no sector do alumnado son basicamente a falta de respecto, descortesías, insultos e, moi esporadicamente, algún enfrontamento e agresión física.

As relacións entre o profesorado son polo xeral boas, realizándose as tarefas de coordinación propias e necesarias para conseguir eficacia nas tarefas docentes.

Os problemas na relación entre o profesorado e o alumnado son escasos, producíndose en situacións moi concretas derivadas do incumprimento de normas e por algúns comportamentos individuais disruptivos na aula.

As relacións entre o profesorado e as familias valóranse tamén polo xeral positivamente. Participan e/ou colaboran as nais e pais en distintas actividades que se organizan e que repercuten positivamente na educación das nenas e nenos. É certo tamén que nalgúns casos



hai, no sector dos pais/nais, pouca implicación na actividade xeral do centro e en casos contados, pouco interese pola actividade escolar das súa fillas/os..

### **Tipoloxía de conflitos mais frecuentes: causas e implicados.**

***Incidencias mais comúns:*** maltrato verbal (insultos, alcumes...), físico (provocar pelexas, golpear...), social (illamento, rexeitamento, marxinação...)

O patio adoita ser o lugar onde mais conflitos se producen: ás veces recórrese á forza para resolver diferencias producíndose agresións, principalmente verbais en forma de insultos e ameazas.

Disto derívase a necesidade e o obxectivo de converter o patio nun espazo educativo. O patio é o lugar no que as interaccións entre iguais son máis fortes e na que se dan ou pódense dar abusos de poder, relacións de dependencia, exclusións, etc...

Así pois e como resumo, podemos sinalar que entre os tipos máis frecuentes de conflitos atopamos os seguintes:

***Incidencias na aula:*** falar a destempo, non atender durante as explicacións, distraccións, falta de atención, levantarse sen permiso, esquecer o material, ou mantelo desorganizado...

***Perda de respecto entre iguais*** durante o tempo de lecer ou ás horas de entrada e saída do centro, pelexas en espazos comúns.

As causas destes conflitos residen, entre outras, na falta de motivación do alumnado, impulsividade e falta de reflexión, carencia de habilidades por parte do alumnado para resolver os conflitos axeitadamente, ausencia de referentes de autoridade e pautas, nalgúns casos ausencia de límites e normas claras de conduta no ámbito familiar.

### 3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- I. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para a súa mellora.
- II. Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar as relacións interpersoais, baseadas no respecto na diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- III. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- IV. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- V. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- VI. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- VII. Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- VIII. Establecer procedementos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia.
- IX. Promover a integración, a aceptación social e persoal de todo o alumnado, especialmente daqueles con baixo nivel de autoestima, sen discriminación de ningún tipo por calquera circunstancia persoal ou social.
- X. Promover o coñecemento e posta en práctica dos deberes e dereitos de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.



- XI. Favorecer a detección, tratamento, seguimento e resolución pacífica e formativa dos conflitos que se presenten, tomando en consideración as emocións e sentimentos das persoas a través do diálogo para a mellora das relacións persoais e aprender a empregarlas como fonte de aprendizaxe dándolles un enfoque educativo.
- XII. Fomentar a existencia de espazos e tempos comúns para facilitar a convivencia entre o alumnado, fomentando as relacións persoais, o respecto mutuo, a empatía, comprensión, solidariedade e interiorización das normas de convivencia.
- XIII. Intervir ante os problemas de conduta seguindo principios establecidos de actuación coherente e planificada do profesorado, evitando contradicións, incoherencias ou respostas con medidas diferentes que confundan aos alumnos.
- XIV. Utilizar as medidas sancionadoras como último recurso para solucionar problemas de conduta ou convivencia, e facelo só unha vez que as estratexias motivacionais e de autoresponsabilidade non dean resultado.

## 4. ACTUACIÓNS.

### 1. Dirixidas ao alumnado.

#### **Actividade:**

**Actividade:** Establecemento dun clima adecuado de clase desde as primeiras semanas para mantelo durante todo o curso.

**“As normas de todas e todos, para todas e todos”**

Responsable: Titorías. Departamento de Orientación. Claustro e Equipo directivo.

Recursos: Normas de convivencia deste Plan e das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC).

Procedemento: En cada titoría presentaranse e explícanse as normas xerais do centro por parte do titor/a, - As normas serán concretadas e consensuadas no seo de cada clase tras a



reflexión e posta en común conxunta por parte do grupo. Éstas concrétanse nun proceso de delimitación que diferenciará os comportamentos aceptables dos que non o son. Ao longo do curso faranse periódicamente reunións de aula para proceder á súa corrección, sempre que sexa necesario.

Temporalización: seguimento ao longo do curso.

***Actividade: Plan de acollida.***

Responsables: Equipo Directivo. Departamento de orientación. Equipos docentes.

Recursos. Documento explicando o funcionamento e organización do centro.

Procedemento: Realizar Plan de acollida para a integración do alumnado e posta en práctica.

Temporalización: Inicio do curso e ao producirse novas incorporacións de alumnado.

***Actividade: Conmemoración de data significativas para a convivencia.***

20 de novembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos do neno.

25 de novembro: Día Internacional da loita contra a violencia cara as mulleres.

30 de xaneiro: Día da Paz e non violencia.

08 de marzo: Día da muller traballadora.

Outras datas que se propoñan e aproben polo Claustro ao longo do curso, podendo o alumnado, en ocasións, ser partícipe desta escolla, para o que se establecerán dinámicas de consulta e recollida, que serán avaliadas e consideradas polo Claustro para a súa aprobación.

Responsables: Órganos de goberno. Equipos docentes. Titorías.

Recursos: Normas de convivencia. Información e actividades relativas ao tema que se conmemore.

Temporalización: Ao longo do curso e nas datas indicadas.



### **Actividade:** Programa de habilidades sociais.

Defínense as habilidades sociais como as habilidades ou comportamentos das persoas que lles permiten relacionarse cos demais de maneira eficaz dentro dun contexto social.

As habilidades sociais teñen dous obxectivos fundamentais:

1. **Afectivo:** Obter consecuencias gratificantes que permitan manter relacións sociais satisfactorias e baseadas na consecución de intereses mutuos e non en intereses unicamente individuais ou persoais.
2. **Instrumental:** Facilitar o éxito nos ámbitos académico, social e afectivo.

### Aprendizaxe das habilidades sociais

Existen basicamente catro vías de aprendizaxe:

1. **Por experiencia directa:** Dependendo das consecuencias (reforzadores) que se dan no entorno despois de cada comportamento social.
2. **Por observación:** Dependendo dos modelos de referencia que se teñan apréndense condutas observando e imitando.
3. **Verbal instrucional:** A través da linguaxe oral por medio de preguntas, instrucións, explicacións e suxestións verbais.
4. **Por feedback interpersonal:** Explicación por parte de observadores de como foi o noso comportamento, o que axuda á corrección do mesmo. Pode entenderse como un reforzador social.

A carencia de habilidades sociais explícase a través de dous modelos:

- **Modelo do déficit:** Os nenos e nenas non aprenderon nunca as habilidades e condutas necesarias para interactuar con outras persoas e polo tanto non poden poñelas en práctica.
- **Modelo de interferencia ou de déficit na execución:** Os nenos e nenas dispoñen das condutas ou habilidades apropiadas á situación pero non as utilizan debido a outros factores como poden ser os emocionais, cognitivos ou motores.



*Estilos de comportamento ou relación social: Pasivo, agresivo e asertivo.*

## **OBXECTIVOS**

1. Desenvolver a aprendizaxe cooperativa mediante o contacto e traballo entre iguais.
2. Adaptar o comportamento ás esixencias da situación e o entorno social.
3. Establecer e respectar normas de grupo que axuden a normalizar o comportamento segundo as esixencias do ámbito social.
4. Favorecer o axuste socioemocional, desenvolvendo habilidades conversacionais.
5. Mellorar a percepción, comprensión e adaptación a situacións sociais, expresando sentimentos, desexos, ideas e opinións.
6. Favorecer o desenvolvemento da comunicación non verbal a través de xestos, mirada, expresións faciais.

## **CONTIDOS**

- Normas básicas de grupo: respectar quenda, manter unha postura corporal adecuada, compartir e coidar material, usar normas de cortesía.
- Comportamento espontáneo e voluntario adecuado e inadecuado ás situacións.
- Habilidades conversacionais.
- Habilidades sociais relacionadas coa comunicación non verbal.
- Fórmulas de cortesía.
- Utilización de normas de convivencia entre iguais.
- Utilización de habilidades para coñecerse e facer amizades: recoñecer e valorar, cooperar e compartir, unirse aos xogos...
- Utilización da linguaxe oral como medio de comunicación.
- Expresión de sentimentos e emocións.
- Utilización das normas de convivencia para unha interacción adecuada no medio social.
- Importancia da amizade.



- Habilidades persoais:
  - Autoafirmación positiva: autocoñecemento, autoconcepto, autoestima.
  - Expresar emocións.
  - Recibir emocións.
  - Defender os propios dereitos.
  - Defender as propias opinións.
- Habilidades de interacción social:
  - Habilidades conversacionais.
  - Iniciar conversacións.
  - Manter conversacións.
  - Terminar conversacións.
  - Unirse á conversación doutras persoas.
  - Conversacións en grupo.
  - Habilidades para afrontar e resolver problemas interpersoais.
  - Identificar problemas interpersoais.
  - Buscar solucións.
  - Anticipar consecuencias.
  - Elixir unha solución.
  - Probar a solución.
- Resolución de conflitos.
- Mediación.
- Empatía.
- Asertividade.

## **METODOLOXÍA**

Aprendizaxe funcional e significativa para o alumnado para que lle atope sentido e utilidade para a súa vida diaria.

Usar unha metodoloxía integradora que propicie integración e interacción co profesorado e cos compañeiros e compañeiras na aula, no tempo de lecer...



Favorecer as aprendizaxes en xeral para que as leven a cabo en diferentes campos.

Reforzar os avances.

Desde o punto de vista didáctico convén que a situación que se traballe na aula poida escenificarse polo alumnado, baixo a supervisión do profesorado para que as solucións que se propoñan sexan aplicadas “in vivo”.

Para o adestramento en Actitudes, Normas e Valores as técnicas de debate, coloquios grupais, escenificacións, etc., son moi útiles e necesarias para lograr un mellor aproveitamento das actividades.

As **fases** a traballar en cada habilidade son:

1. Presentación da habilidade a traballar na sesión.
2. Avaliación do nivel de competencia inicial do alumnado nesa habilidade.
3. Instrución verbal, diálogo e debate do profesorado co alumnado.
4. Modelado, por parte do profesorado e do alumnado competente, da habilidade obxectivo.
5. Ensaio e posta en práctica por parte do alumnado das condutas e habilidades traballadas.
6. Avaliación da execución e feedback (informativo correctivo) e reforzo da resposta correcta dispensado polo profesorado e alumnado.
7. Instrución modelado ou práctica adicional se é necesario mellorar e/ou complementar a execución.

## **AVALIACIÓN**

Continua e formativa.

Follas de seguimento e rexistros.

**Actividade:** Mediación.



A mediación consistirá nun proceso a través do cal crearemos un clima de diálogo e entendemento entre dúas partes que entran en conflito co fin de chegar a unha solución factible e axeitada para ambas. Para elo é necesario un mediador ou mediadora: persoa imparcial que pode ser o profesorado ou outra persoa que fai de guía das partes en conflito de cara a unha solución baseándose en concienciar as partes, partindo da idea de que o conflito pode ser enriquecedor e formativo.

O proceso de mediación abarcará tres períodos:

## 2. *Reencontro dos protagonistas.*

É preciso comunicar e aproximar ás partes, restablecer canles de comunicación, concretar os obxectivos da mediación e deseñar acordos preliminares de procedemento.

## 3. *Descrición da estrutura do conflito.*

Reunir a información necesaria e abordar os problemas fundamentais, describir o conflito e os seus antecedentes e identificar con claridade o problema e o seu contexto.

## 4. *Buscar acordos para resolver a cuestión.*

Nesta etapa é fundamental a escoita activa, compartir puntos de vista, esforzarse por comprender ao outro. Deberanse concretar necesidades, prever metas e alternativas para a resolución do conflito, establecer un acordo (redactalo, se é preciso, e asumilo) e comprometerse as partes a respectar o acordado e cumprilo.

Trátase de que o alumnado aprenda a interpretar o conflito de forma positiva, como unha oportunidade para o cambio e o entendemento, sen necesidade de empregar a violencia ou o enfrontamento, aprendendo así a convivir en paz e mellorar como persoa.

Terase en conta que as sancións por si mesmas non son suficientes se non van acompañadas de accións formativas. As ferramentas mais efectivas para evitar e solucionar pacificamente os conflitos son a mediación e o diálogo.



Ante un conflito concreto, onde levar a cabo o proceso de mediación? Pode ser dentro do centro nunha sala habilitada para este fin e en tempos que non dificulten o desenvolvemento das clases, como pode ser o tempo de lecer.

Establécese a aula de convivencia e o Departamento de Orientación como lugares para debater e chegar a acordos.

Pode haber un grupo de alumnado que integren o sistema para a mediación (aos que se pode recorrer supervisados polo profesorado e dándolles formación complementaria).

Certos problemas poden xurdir e non solucionarse por unha inadecuada resposta ante as necesidades do alumno ou alumna de que se trate. Haberá nese caso que expoñer, exemplificar e analizar as posibles respostas: pasiva, agresiva ou asertiva.

Síntese do proceso de mediación:

- Conformidade das partes coa mediación.
- Descrición do conflito por cada unha das partes implicadas.
- Descrición tamén dos sentimentos experimentados por cada unha das partes.
- Compromisos de realización de accións ou tarefas para evitar que se produzan situacións mal resoltas ou de reparar o dano causado, se procede.

***Actividade:*** *Actuacións para a prevención da violencia sexista, racista ou de calquera outro tipo.*

Responsables. Equipos docentes. Departamento de orientación. Titorías.

Procedemento: Uso non sexista da linguaxe e posta en práctica dos principios, obxectivos e medidas curriculares para a igualdade entre homes e mulleres.

Actividades de sensibilización. Revisión e selección do material da biblioteca, cuidando a dotación de material igualitario. dar maior presenza as mulleres no desenvolvemento dos distintos contidos curriculares.

Temporalización: ao longo do curso.

**Actividade:** Convivindo tamén fora da escola

O centro promoverá as saídas didácticas en horario escolar así como puntualmente algunhas que poidan abarcar o horario de mañá e tarde que terán entre os seus obxectivos desenvolver as relacións do alumnado noutros contextos sociais. Atenderase especialmente a aquelas dirixidas ao coñecemento do contorno próximo do centro que favorezan o seu respecto e posta en valor.

**Actividade:** a formación é cousa de todas/os

Ao longo do curso proporanse actividades de contido diverso nas que o protagonista -co apoio e a guía do profesorado- na súa organización e desenvolvemento é o alumnado, en ocasións organizadas polo dos cursos superiores para compartir cos mais pequenos. Deste xeito traballarase a autonomía e a responsabilidade, así como o traballo en equipo e a toma de decisións grupais.

**Actividade:** Programa de patio.

O recreo é un tempo e un espazo educativo fundamental para o desenvolvemento das habilidades sociais do alumnado, da tolerancia, a responsabilidade e respecto polos outros/as. Neste contexto porase en marcha un programa específico para os recreos dun día á semana no que se ofertarán xogos diversos, (tradicionalis, de mesa, cooperativos...) en cuxa organización se implicará ao alumnado dos cursos superiores.

A través destes xogos colectivos, gozando da situación lúdica e da interacción con seus iguais, o alumnado aprende normas e comportamentos axustados ás demandas dos outros. Ao tempo estes xogos son un mecanismo de prevención da conflictividade e o acoso escolar e inculcan entre os estudantes valores como o respecto á diversidade, a igualdade, a non discriminación, e promoven a resolución pacífica de conflitos.

**Actividade:** O patio que queremos



Proporase ao alumnado de Ed. primaria que deseñe o patio que lle gustaría ter, (facendo debuxos, maquetas, etc), Poderán facerse propostas por aula, a partir das ideas que propoñan, ou expoñelas para que todos as coñezan.. Buscarase que a a actividade propicie entre o alumnado, atendendo a súa idade, a reflexión sobre o uso dos espazos, a importancia de compartilo, o respecto polo mobiliario, o cuidado como responsabilidade de todas e todos.. tamén se tentará que algúns dos elementos propostos polo alumnado se vaian incorporando aos espazos do centro.

## 2. Dirixidas ao profesorado:

**Actividade: Actuación coherente do profesorado ao longo do curso evitando ambigüedades e seguindo unha liña común.**

Responsable: Órganos de goberno. Departamento de orientación. Equipos docentes. Titorías.

Recursos: Plan de convivencia e normas de aulas.

Procedementos: Reforzar as condutas positivas do alumnado e aplicar o exposto no Plan de convivencia e no NOFC no caso de condutas contrarias ás normas.

Temporalización: Todo o curso.

**Actividade: Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)**

Desenvolver no marco do plan accións relacionadas coa resolución de conflitos e a mediación.

Responsables: profesorado participante no PFPP.

Recursos: Materiais e programas específicos.

Temporalización: Curso 2019/2020

**Actividade: Formación do profesorado a través de plans ofertados pola Administración educativa.**

Desenvolver accións relacionadas coa participación de todo o alumnado en xogos e outras actividades inclusivas que fomenten actitudes de respecto, colaboración e entendemento entre o alumnado.

Responsables: profesorado e alumnado.

Recursos: Materiais e xogos específicos.

Temporalización: trimestral ao longo do curso.

### 3. Dirixidas as familias

O centro en colaboración coa asociación de nais e pais promoverá a posta en marcha de actividades dirixidas ás familias do alumnado, principalmente de sensibilización, información e formación en temáticas diversas vinculadas co desenvolvemento e educación dos/as menores que sexan de interese para as familias. Estas accións poden dirixirse a grupos de familias atendendo a idade dos menores, dos seus intereses ou de circunstancias concretas que así aconsellen. Para facilitar a asistencia de nais, pais e titores legais buscarase que se leven a cabo en días e horas mais axeitados para eles. Estas actividades poderán ter fomatos diversos e, en ocasións, realizarse de forma telamática.

Para planificar estas actividades tendo en conta as preocupacións de nais e pais se lles consultará periódicamente a través dunha enquisa inicial para detectar as temáticas de interese.

Promoveranse tamén outras actividades que favorezan unha maior relación e implicación das familias do centro, vinculadas ao contexto da aula, de ciclo, ou do conxunto do colexio.

## 5. RESPONSABLES

Obxectivo	Actuación	Responsable	Temporalización Recursos	Indicadores de logro Criterios de avaliación
Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.	Curso de formación (PFPP)	Orientación Dirección CCP Claustro	Durante todo o curso.	O profesorado recibiu a formación. A formación foi axeitada e permite a integración nas



		Comisión convivencia		NOFC e no Plan de convivencia.
Recoller nas NOFC accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro, tendo especial atención aos accesos ao colexio, zonas de recreo e comedor, así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase e recreos).	Posta en común das NOFC adaptándose as circunstancias anuais.	Orientación Dirección CCP Claustro CE Comisión convivencia	Durante todo o curso	Propostas incorporadas aos documentos organizativos do centro.
Coñecer a existencia das posibles problemáticas de convivencia que existen na comunidade educativa.	Horario de atención ás familias.	Orientación Dirección CCP Claustro CE Comisión convivencia	Durante todo o curso	As problemáticas afróntanse de maneira axeitada dando lugar á modificación e adaptación dos protocolos de convivencia e nos plans do centro.
Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.	Sensibilización. Actividades levadas a cabo polos docentes no momento de producirse a problemática.	Orientación Tutores Especialistas CCP Comisión convivencia Dirección	Durante todo o curso	Os problemas identifícanse e soluciónanse. Se a problemática e as posibles solucións foron introducidas nos protocolos de convivencia e nos plans do centro.
Revisar e adaptar os documentos organizativos e de xestión cara a favorecer o clima de convivencia do centro.	Revisión dos documentos organizativos.	Orientación Dirección CCP Claustro CE Comisión convivencia	Durante todo o curso	As modificacións son introducidas nos protocolos de convivencia e nos plans do centro.
Elaborar, de maneira consensuada, as normas de convivencia do centro e da aula.	Elaboración das normas de convivencia.	Orientación Dirección CCP Claustro Comisión convivencia	Durante o mes de setembro	Introducir as modificacións nos protocolos de convivencia e nos plans do centro.
Favorecer o traballo en grupo o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.	Fomentar o traballo en equipo do alumnado polo menos a través dun traballo colaborativo ao longo do curso. PDI (Biblioteca)	Orientación CCP Claustro	Programación da actividade ao longo do mes de setembro.	Se o deseño da actividade foi produtiva e se adapta aos obxectivos da programación anual de aula.
Propoñer actuacións que fagan que as aulas e o centro sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.	Deseño de actividades conxuntas de diferentes niveis educativos. PDI. Programa de patio. A formación é cousa de todas/os. O patio que queremos. Convivindo tamén fóra da escola.	Orientación CCP Claustro	Durante todo o curso	Se o deseño da actividade foi produtiva e se se adapta aos obxectivos da programación anual de aula.



	Participación nas saídas escolares, festas, actividades complementarias e extraescolares.			
Deseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.	A comisión de convivencia deseñará e analizará as problemáticas detectadas e comunicadas.	Orientación Dirección Comisión convivencia Claustro	Durante todo o curso	Se os procedementos foron redactados. Introducir as modificacións nos protocolos de convivencia e nos plans do centro.
Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...)	A comisión de convivencia deseñará e analizará as problemáticas detectadas e comunicadas.	Orientación Dirección Comisión convivencia Claustro	Durante todo o curso	Se os procedementos foron redactados. Introducir as modificacións nos protocolos de convivencia e nos plans do centro.
Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade educativa.	Constituír o equipo de mediación no centro. Formación do equipo de mediación.	Orientación Dirección Comisión convivencia	Durante todo o curso	O equipo está constituído. Os membros do equipo de mediación recibiron a formación axeitada.
Formar aos diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva, a linguaxe positiva.	Realizar formación en asertividade e habilidades sociais.	Orientación Dirección Comisión convivencia Claustro	Durante todo o curso	Os docentes recibiron a formación en asertividade e habilidades comunicativas.
Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familia e persoal de administración e servizos).	Revisar o plan de convivencia	Orientación Dirección Comisión convivencia CCP Claustro CE	Durante todo o curso	O plan foi revisado e actualizado.
Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade... e outras organizacións non oficiais.	Establecer protocolos de colaboración coas entidades externas.	Orientación Dirección Comisión convivencia	Durante todo o curso	Os protocolos foron realizados en base aos determinados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

## 6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

## 6.1. Características do acoso escolar.

Un alumno ou alumna é vítima de acoso escolar cando está exposto, de forma repetida e durante un tempo, a accións negativas que se manifestan mediante diversas formas de acoso ou hostigamento cometidas no seu ámbito escolar, levadas a cabo por outro alumno ou alumna ou por varios deles, quedando nunha situación de inferioridade e indefensión respecto do agresor ou agresores.

Non hai que confundir este fenómeno con agresións esporádicas entre o alumnado ou outras manifestacións violentas que non supoñen inferioridade dun dos participantes no proceso.

O acoso escolar presenta as características seguintes:

- Desequilibrio de poder: desigualdade física, psicolóxica ou social que xera un desequilibrio de forzas nas relacións interpersoais.
- Intencionalidade e repetición: acción agresiva que se repite no tempo e que xera na vítima a expectativa de ser obxectivo de futuros ataques.
- Indefensión/personalización: o obxectivo do maltrato adoita ser normalmente un único alumno ou alumna, que é situado desta maneira nunha situación de indefensión.

O acoso acostuma a ter ademais, un compoñente colectivo ou grupal, pois normalmente non existe un único agresor ou agresora senón varios, e porque a situación adoita ser coñecida por outros compañeiros e compañeiras, observadores pasivos dos feitos.

### Tipos de acoso entre iguais:

Tipos de acoso	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinación social	Activa	Non deixar participar
	Pasiva	Ignorar
Agresión verbal	Directa	Insultar, poñer alcumes ofensivos...
	Indirecta	Falar mal de alguén ás súas costas.
Agresión física	Directa	Pegar
	Indirecta	Agachar cousas



		Romper cousas Roubar cousas Incitar a outro a que pegue
Maltrato	Mixto	Ameazar para meter medo. Ameazar. Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe).
	Acoso sexual físico	Actos
	Acoso sexual verbal	Comentarios

**Notas**

- Exemplos de manifestación cando se produce exclusión e marxinación social: minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinación, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade dirixidos contra a vítima, pretende illar á persoa do resto do grupo e compañeiras ou compañeiros, no grupo e no centro. Exclusión, non dirixirle a palabra, difusión de rumores e calumnias contra a vítima e o seu aspecto..., na súa presenza ou na súa ausencia, comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...), outros.
- Exemplos de manifestación cando se produce agresión verbal: palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, burlas, outros...
- Exemplos de manifestación cando se produce agresión física: incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...), maniféstase a través de agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto), uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.

**Consecuencias do acoso entre iguais:**

**Para a vítima:** pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, baixa autoestima, problemas de personalidade e risco para o seu desenvolvemento equilibrado.



**Para o agresor ou agresora:** pode ser a antesala dunha futura conduta delictiva, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, e incluso unha supra valoración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.

**Para os compañeiros observadores e compañeiras observadoras:** pode conducir a unha actitude pasiva ante a inxustiza e unha modelaxe equivocada da valía persoal.

## 6.2. Protocolo de actuación.

### 1. *Identificación, comunicación e denuncia da situación.*

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas fundadas dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obriga de poñelo en coñecemento dun profesor ou profesora, do titor ou titora, da persoa responsable da orientación no centro ou do equipo directivo, segundo o caso e membro da comunidade educativa que teña coñecemento da situación. En calquera caso, o receptor ou receptora da información informará sempre ao director ou directora, ou na súa ausencia, a outro membro do equipo directivo.

### 2. *Actuacións inmediatas.*

Recibida a comunicación indicando que algún alumno ou alumna se atope nunha situación que poida reflectir algunha sospeita ou evidencia de acoso escolar, reunirse o equipo directivo, o titor ou titora, o orientador ou orientadora, para analizar e valorar a intervención necesaria.

A dirección do centro poderá establecer medidas preventivas de protección da presunta vítima e de vixilancia naqueles lugares nos que se poda levar a cabo o presunto acoso sempre tendo presente a necesaria confidencialidade do proceso.

### 3. *Medidas de urxencia.*

No caso de estimarse necesario, adoptaranse as medidas de urxencia requiridas para protexer á persoa agredida e/ou evitar as agresións.

-medidas que garanten a inmediata seguridade do alumno ou alumna acosada, así como



medidas de apoio e axuda.

-medidas cautelares dirixidas ao alumno ou alumna acosador.

#### *4. Traslado á familia.*

O titor ou titora e o orientador ou orientadora, previo coñecemento do equipo directivo e coa debida cautela e mediante entrevista, porá o caso en coñecemento das familias do alumnado implicado, aportando información sobre a situación e as medidas que se estean a adoptar.

#### *5. Traslado ao resto de profesionais que atenden ao alumno ou alumna acosado.*

O director ou directora informará da situación ao equipo docente do alumnado e outro profesorado relacionado. No caso de estimalo oportuno informarase tamén ao resto de persoal do centro e a outras instancias externas ao mesmo (sociais, sanitarias, xudiciais en función da valoración inicial).

#### *6. Recollida de información de distintas fontes.*

Unha vez adoptadas as oportunas medias de urxencia, o equipo directivo recabará a información necesaria relativa aos feitos das diversas fontes que de seguido se relacionan:

- a) Recompilación da documentación existente sobre o alumnado afectado.
- b) Observación sistemática dos indicadores sinalados: en espazos comúns do centro, na clase, en actividades complementarias e extraescolares.
- c) Así mesmo, a dirección do centro solicitará ao departamento de orientación que, en colaboración co titor ou titora, complete a información. Farase, segundo o caso, observando ao alumno ou alumna afectado, contrastando opinións con outros compañeiros e compañeiras, falando co alumnado implicado ou entrevistando ás familias.

Procurarase a non coincidencia das partes implicadas, agresora e agredida, no lugar das entrevistas.



Neste proceso consideraranse os aspectos seguintes:

- Garantir a protección dos e das menores.
- Preservar a súa intimidade e a das súas familias.
- Actuar de maneira inmediata.
- Procurar a xeración dun clima de confianza básico nos e nas menores.
- - Recoller todo tipo de probas e indicadores necesarios.
- - Non duplicar intervención e evitar dilacións innecesarias.
- Unha vez recompilada toda a información, o equipo directivo realizará un informe cos datos obtidos, contrastando a información aportada polas distintas fontes.

#### *7. Aplicación de medidas disciplinarias.*

Unha vez recollida e contrastada toda a información, procederase por parte da dirección do centro á adopción das medidas disciplinarias ao alumno ou alumna agresor en función do establecido na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015.

#### *8. Comunicación á inspección educativa.*

A dirección do centro remitirá informe ao Servizo de Inspección educativa, sen prexuízo da comunicación inmediata do caso, se a situación é grave.

Estableceranse e levaranse as cabo as actuacións que procedan co alumnado implicado e familias: programas e estratexias de modificación de conduta, apoio persoal, actividades de sensibilización, programas de habilidades sociais, mediación, etc.

Intervirase cos agresores empregando un contrato que inclúa un compromiso de cambio no que se comprometan a participar en programas e estratexias para mellorar as súas habilidades.



Cos compañeiros e compañeiras “observadores pasivos da situación “ consideraranse accións para concienciarlos da necesidade de diferenciar a conduta “chivar” da conduta “denunciar para protexer e defender” a un compañeiro ou compañeira que é vítima e sofre.

Realizaranse seguimentos do clima relacional da aula. Explicar a necesidade de manter unha “tolerancia cero “ ante a agresión física, psíquica ou moral. Traballar nas titorías para crear un clima escolar de rechazo aos malos tratos, mediante sesións de titoría.

## 7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

### 7.1. Xerais.

As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas do centro terán un carácter educativo e recuperador.

Aos efectos de gradación das correccións, son circunstancias paliativas as seguintes:

- Recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A falta de intencionalidade.
- A observación dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- A petición de desculpas ao afectado/a de xeito espontáneo

Son circunstancias agravantes:

- A premeditación e a reiteración.
- Causar inxuria ou ofensa a compañeiros ou compañeiras de menor idade ou aos de nova incorporación ao centro.
- Calquera acto que supoña ou fomente a violencia, a discriminación por racismo, xenofobia ou contrario á igualdade entre homes e mulleres.

Asistencia e puntualidade:

- A asistencia ás clases é obrigatoria.



- A falta de asistencia á clase será admitida exclusivamente por causa debidamente xustificada.
- Toda ausencia deberá ser, se é posible, previamente avisada ao centro por escrito ou telefonicamente indicando a causa que a provoca. Se non é posible haberá que facelo a posteriori.
- O alumnado deberá asistir a clase con puntualidade, pois o atraso perturba o desenvolvemento normal da clase.

### Instalacións e mobiliario:

As aulas utilizaranse exclusivamente para traballo escolar e de estudo, usando adecuadamente os materiais da mesma.

O alumnado que cause dano de xeito intencionado ou por negligencia ás instalacións do centro ou ao seu material, quedan obrigados a reparar o dano ou facerse cargo do custe.

Ao remate das clases as mesas quedarán recollidas e o chan sen mochilas ou outros obxectos.

### Movimentos, saídas e descanso:

Nas entradas o alumnado accede ao edificio principal dirixíndose ao patio cuberto. As familias do alumnado de infantil que o desexen poden permanecer na porta de entrada do edificio de infantil acompañando aos seus fillos e fillas ata que o profesorado se incorpore ao edificio co alumnado recollido no patio cuberto.

As saídas do alumnado fanse por grupos, ordenadamente e acompañados polo profesorado correspondente. Saíndo primeiro o alumnado que é recollido polas familias e despois o alumnado transportado.

Os corredores e escaleiras son para tránsito. Non se permitirán gritos, ruídos, carreiras ou xogos que entorpezan o normal desenvolvemento da actividade lectiva.



Cando as alumnas e alumnos teñan que desprazarse en grupo durante a clase ou nos intercambios de aula deberan ir en silencio e sempre acompañados polo profesor/a que corresponda, igual que ao baixar ou entrar do recreo.

Á hora do recreo todas as alumnas e alumnos deberán ir para o patio ou lugar establecido de ocio a non ser que permanezan na aula acompañados dun profesor/a.

Non está permitido o acceso ao recinto escolar sen autorización.

Durante o tempo de lecer o alumnado permanecerá nos lugares destinados para cada etapa dependendo de se chove ou non.

Coidarase a limpeza do patio, utilizando correctamente as papeleiras e non tirando ao chan bolsas, papeis nin cousa ningunha.

Durante o recreo non se xogará con obxectos que poidan causar dano a outras persoas. Hai que practicar xogos divertidos e pacíficos, nunca a xogos violentos ou que poidan ocasionar perigos.

## 7.2. Concretas para o alumnado.

Normas que deberá coñecer o alumnado e comprometerse a cumprir:

- Puntualidade nas entradas e saídas.
- escoitar cando me falan.
- Esperar a miña quenda: respectar as quendas de palabra e non interromper a outro cando está a falar.
- Respectar as opinións e os gustos das outras persoas.
- Gardar orde nas filas e nos corredores: non correr, empurrar nin berrar.
- Polas dependencia do colexio camíñase, non se corre.
- Falar en voz baixa, sen berros.



- Non levantarse na clase sen permiso e sentarse correctamente.
- Obedecer aos profesores/as e demais persoal do colexio.
- Respectar aos meus compañeiros e compañeiras e non pelexar con eles.
- Tirar o lixo ás papeleiras.
- Coidar o material da clase , dos compañeiros/as e o propio.
- Compartir cos compañeiros os xoguetes e o material.
- No comedor non facer ruído e comer correctamente.
- Pedir desculpas, dar grazas e saudar.
- Respectar as árbores e zonas axardinadas.
- Utilizar os aseos con coidado, e non gastar innecesariamente a auga e o papel.

### 7.3. Aula.

#### NORMAS PARA O ALUMNADO

#### PROCEDEMENTOS

1. As clases comezarán con puntualidade	Pedir permiso para entrar e explicar o motivo do atraso. Apuntar o atraso. Aviso ao pai ou nai se reitera.
2. Esperar a que o profesorado dea por rematada a clase para recoller.	Aviso. Sacar de novo o material.
3. É necesario pedir permiso para abandonar o sitio, ou moverse pola aula.	Dar explicacións antes de sentarse. Permanecer de pé uns minutos se son reincidentes.
4. Atender e non interromper as explicacións dos mestres/as.	Aviso



5. Falar con respecto. Dirixirse aos demais polo seu nome e correctamente.	Pedir desculpas ao ofendido. Traballo escrito sobre os dereitos das persoas.
6. Solucionar os problemas e conflitos entre alumnos/as dialogando, solicitando axuda do mestre/a se é necesario. Queda totalmente prohibido empregar a violencia verbal ou física.	Desculpas mutuas. Reunión alumnos/as implicados co mestre/a. Análise do problema polo grupo e corrección imposta logo do debate na clase. Comunicación aos pais, se o conflito é grave
7. Non se pode permanecer na aula durante o recreo sen a presenza dun profesor/a	Actividade que invite á reflexión sobre a súa conducta, e as súas consecuencias.
8. Coidar todo o material da aula, respectando tanto os utensilios propios como os alleos, velando polo seu bo estado de conservación.	Reparar o dano, repoñer o material ou abonalo, previa comunicación á familia.
9. Manter a aula limpa, tirando papeis ou outros desperdicios á papeleira.	Recoller e tirar á papeleira. Limpa o ensuciado.
10. Ser solidarios na clase, compartindo o material; non burlarse das respostas erróneas dos compañeiros/as, nin de calquera outro tipo de circunstancias ou características persoais.	Pedir desculpas ao ofendido/a e ao resto da clase.
11 Manter posturas adecuadas na clase e respectar as quendas nas filas.	Adoptar unha postura correcta. Pasar ao último lugar da fila.
13. Pedir permiso para coller algo alleo e facelo só coa debida autorización do dono/a.	Devolveo. Repoñer o material en caso de deterioro.
14. O/A alumno/a ten a obriga de cumprir estas normas. No caso de incumprimento reiterado determinarase corrección aumentada ou aplicarase o previsto na Lei 4/2011 de convivencia e participación.	Parte disciplinario e comunicación ás nais/pais.



## 7.4. Dereitos e deberes das familias.

As familias, en relación coa educación dos seus fillos e fillas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- 1.- *A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.*
- 2.- *A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos e fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros directivos dos centros docentes.*
- 3.- *A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.*
- 4.- *A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medias correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas.*
- 5.- *A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración Educativa.*

Así mesmo teñen os seguintes **deberes**:

- 1.- *Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos e fillas, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.*
- 2.- *Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.*
- 3.- *Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.*
- 4.- *Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias á normas de convivencia dos seus fillos e fillas.*



## 7.5. Dereitos e deberes do alumnado.

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- 1.- *A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento das súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia , liberdade e respecto mutuo.*
- 2.- *A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.*
- 3.- *A protección integral contra toda agresión física ou moral. En particular contra as situacións de acoso escolar.*
- 4.- *A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos.*
5. *A ser escoitada/o*

Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- 1.- *Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.*
- 2.- *Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.*
- 3.- *Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas ou morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.*
- 4.- *Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.*
- 5.- *Conservar a facer un bo uso das instalacións do centro.*



6.- *Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.*

7.- *Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.*

8.- *Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.*

## 7.6. Dereitos e deberes do profesorado.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécense os seguintes **dereitos**:

1.- *A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.*

2.- *A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.*

3.- *A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.*

4.- *A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.*

5.- *Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.*

6.- *A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 de convivencia e participación.*

7.- *Á acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos mais axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.*



Son **deberes** do profesorado:

- 1.- *Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.*
- 2.- *Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponde a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoa en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.*
- 3.- *Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.*
- 4.- *Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.*
- 5.- *Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.*

## 7.7. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos.

Ao persoal de administración e servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- 1.- *A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.*
- 2.- *A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.*
- 3.- *A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.*



*4.- A protección xurídica adecuada ás súas funcións.*

*5.- A participar directamente no proceso educativo, cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos na Lei 4/2011 de convivencia e participación.*

Son **deberes** do persoal de administración e servizos:

*1.- Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas da convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.*

*2.- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e , en particular, das situacións de acoso escolar.*

*3.- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.*

*4.- Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.*

## **7.8. Incumprimento das normas de convivencia.**

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte ao establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.



As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación da Lei 4/2111 antes citada.

### ***Responsabilidade e reparación de danos.***

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fora posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís, nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido no parágrafo anterior é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

## **8. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.**

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nos artigos 14 e 15, respectivamente, da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e no Título III do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa

remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

## 8.1. Medidas correctoras.

As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

A corrección das condutas contrarias á convivencia aterase ao disposto nos artigos 18 a 27, ámbolos dous inclusive, da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e desenroladas nos artigos 39, 40 e 43 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, todas elas recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

## 9. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

### 9.1. Funcións.

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.



- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor/a relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

## 9.2. Composición.

A persoa titular da dirección do centro, representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos.

- Os seus membros serán elixidos polo Consello Escolar do centro:
- Integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.
- Os integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos serán nomeados pola persoa responsable da dirección do centro, por proposta dos colectivos representados.



- Composta por:
  - o O seu presidente será a persoa titular da dirección do centro.
  - o Representantes do profesorado.
  - o Representantes das familias.
  - o Representantes do persoal de administración e servizos.

Todas as persoas representantes estarán na mesma proporción na que se encontran representadas no Consello Escolar do centro. As persoas representantes dos diferentes colectivos mencionados poderán coincidir cos do Consello Escolar, aínda que non é requisito que sexan os mesmos.

Unha das persoas integrantes actuará como secretaria e levantará e redactará a acta das súas reunións.

### 9.3. Reunións.

Como mínimo unha vez ao trimestre e sempre que o solicite un terzo dos seus membros.

### 9.4. Plan de actuación.

Avaliar e informar da aplicación das normas de convivencia e das iniciativas propostas.

Seguimento da implementación das distintas accións recollidas neste plan.

### 9.5. Aula de convivencia inclusiva.

*Seguindo o Decreto 8/2015 (Art.25), crearase unha aula inclusiva, onde permanecerá o alumnado que estea privado temporalmente de tempo de lecer ou de asistir a algunha determinada clase ou actividade.*

*A aula situarase no edificio principal no corredor onde se atopan as aulas de 6º de primaria. Contará con mobiliario e material didáctico necesario.*



*Dita aula será atendida polo profesorado de garda que supervisará as medidas e actuacións propostas para o alumno ou alumna en cuestión.*

*A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais titores legais.*

O xefe ou xefa do departamento de orientación elaborará un programa específico de actividades de reflexión e resolución de conflitos.

O xefe ou xefa do departamento de orientación e o titor ou titora correspondente establecerán un horario no que se repartan horas de traballo das materias, horas de traballo sobre habilidades sociais e o tempo de lecer.

A xefatura de estudos informará ao profesorado de garda dos días de inicio e fin da estancia do alumno ou alumna na aula de convivencia inclusiva.

Previamente á incorporación do alumno ou alumna á aula, o xefe ou xefa do departamento de orientación reunirse con el ou ela e coa familia.

O profesorado de garda acudirá á aula na hora que lle corresponda. Consultará no horario as actividades a realizar e instará ao alumno ou alumna a realizalas. Ao remate da hora, fará constar na folla de seguimento as actividades realizadas e a actitude do rapaz ou rapaza (Registro de control de asistencia do alumnado).

## 9.6. Escola de nais e pais (ENAPA).

Está constituída tendo previsto a realización trimestral de actividades destinadas a tratar temáticas de interese preferente suxeridas polas familias.

## 10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O equipo directivo do CEIP de Roxos levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa.



Os medios para levar a cabo esta difusión serán:

- Reunións informativas de principio de curso.
- Páxina web do centro.

Actividades propostas:

### Presentación e difusión do Plan de Convivencia

Responsable: Equipo directivo, Comisión de convivencia, Comisión de coordinación pedagóxica, titores/as.

Material: Plan de convivencia en soporte informático.

Procedementos: Presentarase en sesións de claustro e de consello escolar. Enviarase por correo electrónico ao profesorado e aos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar. Publicarase na páxina web do centro.

Temporalización: 1º trimestre.

### Información ás familias.

Responsable: Equipo directivo. Titorías.

Recursos: Normas de convivencia e NOFC.

Procedementos: Titorías e reunións coas familias. Informarase ás familias sobre as normas de convivencia no centro na primeira reunión de curso por titorías, e sobre as propostas derivadas do Plan de convivencia. Periodicamente, cando os pais ou nais o soliciten ou sexa necesario informarase ás familias da actitude e comportamento do seu fillo e/ou filla tanto nos aspectos positivos como, se é o caso, negativos.

Temporalización: todo o curso escolar.



## 11. SEGUIMENTO, MELLORA E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Craterios	Indicadores
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados?</li> <li>2. Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior?</li> <li>3. Os obxectivos do plan de convivencia determínanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?</li> </ol>
Alcance do plan de convivencia	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recolle valores e actitudes (acollida, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, inclusión, mediación, educación para a paz)?</li> <li>2. Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)?</li> <li>3. Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)?</li> </ol>
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Alcanzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia?</li> <li>2. O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación (aula, centro, contorna)?</li> </ol>
Renovación do plan de convivencia	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia?</li> <li>2. O plan avalíase anualmente e fanse propostas de mellora?</li> </ol>
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Faíse un seguimento periódico do plan?</li> <li>2. As actividades desenvolvéronse coa temporalización prevista?</li> <li>3. O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados?</li> </ol>
Implicación no plan dos diferentes sectores da Comunidade educativa.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos?</li> <li>2. Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos?</li> <li>3. Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación?</li> <li>4. Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro?</li> </ol>
Funcionamento da comisión de convivencia do centro.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cantas veces se reuniu ao longo do curso?</li> <li>2. Cales foron os principais temas tratados?</li> <li>3. Realizou o seguimento do plan de convivencia?</li> <li>4. Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro?</li> </ol>
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existe a figura de coordinador da convivencia no centro?</li> <li>2. Dáse resposta ás súas necesidades formativas?</li> <li>3. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia?</li> <li>4. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento da aplicación do plan de acción tutorial?</li> <li>5. Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE?</li> </ol>
Actividades formativas á comunidade educativa para mellorar a convivencia	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia?</li> <li>2. Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa?</li> </ol>
Existencia e coñecemento de protocolos de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existen protocolos claros e definidos de actuación?</li> </ol>



reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas	<ol style="list-style-type: none"> <li>2. Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados?</li> <li>3. Existe un procedemento de actualización dos protocolos?</li> <li>4. Os ditos protocolos son coñecidos e as versións actualizadas están á disposición de todos os membros da comunidade educativa?</li> </ol>
Existencia e coñecemento de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existen protocolos claros e definidos de actuación?</li> <li>2. Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático?</li> <li>3. Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados?</li> <li>4. Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa?</li> <li>5. A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima?</li> </ol>
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existe un protocolo?</li> <li>2. Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia?</li> <li>3. Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un programa de habilidades sociais?</li> </ol>
Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia?</li> <li>2. O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados?</li> <li>3. Cando se utilizaron os ditos procedementos, favoreceron a resolución do conflito?</li> </ol>
Existencia e coñecemento de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existen protocolos de actuación ante o absentismo escolar?</li> <li>2. Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado?</li> <li>3. Entre os obxectivos do plan de convivencia recóllese favorecer os cambios metodolóxicos que potencien o éxito académico?</li> <li>4. Demandáronse propostas de actuación para a mellora do éxito académico ao departamento de orientación e á comisión de coordinación pedagóxica?</li> <li>5. O departamento de orientación e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido?</li> <li>6. Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión e a mellora da convivencia a través do éxito académico?</li> </ol>
Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Está elaborado o programa de habilidades sociais?</li> <li>2. Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá?</li> <li>3. Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, habilidades sociais e educación en valores?</li> </ol>
Valoración global da situación da convivencia escolar no centro	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Establecéronse mecanismos para medir o grao de satisfacción da comunidade educativa coa situación da convivencia no centro?</li> <li>2. Cal é o grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa convivencia no centro?</li> <li>3. Cales son as principais propostas de continuidade e mellora?</li> </ol>



## Avaliación do Plan de convivencia

Criterios	Puntuación (Escala de 0, valor mínimo a 10, valor máximo)	Observacións
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior		
Alcance do plan de convivencia		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia		
Renovación do plan de convivencia		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia		
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa		
Funcionamento da comisión de convivencia do centro		
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia		
Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas		
Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso		
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva		
Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos		
Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico		
Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá		
Valoración global da situación de convivencia no centro		

## 12. PLAN DE IGUALDADE

Entre os obxectivos xerais do plan de convivencia sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas medidas complementarias para a mellora da convivencia e nas medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións



Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística...)

Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.

Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple (diversidade funcional, étnica, de procedencia, etc



## ANEXOS.

### ANEXO I

## RECOLLIDA INICIAL DE INFORMACIÓN ANTE UN SUPOSTO CASO DE ACOSO ESCOLAR

#### Datos do suposto alumno/a acosado/a:

Nome e apelidos.....

Curso..... Idade.....

#### Orixe da solicitude:

	Familia		Alumno agredido
	Profesorado do centro		Compañeiros/as
	Titor/a		Persoal non docente
	Orientador/a		Outros:.....

Breve descrición dos feitos:

Actuacións realizadas polo informante:

....., a.....de.....de.....

Asdo.



## ANEXO II

### GUÍA PARA A ENTREVISTA CO ALUMNO OU ALUMNA PRESUNTAMENTE ACOSADO OU ACOSADA.

- As situacións de maltrato xeralmente non se evidencian ante os ollos dos adultos. O alumno ou alumna vítima non reconece facilmente a situación, polo que convén facerlle saber que esta situación non se debe ocultar, darlle seguridade, valoralo e eliminar os sentimentos de culpabilidade que poida ter.
- Temos que averiguar se realmente está a suceder a situación de maltrato, ou se trata doutras situacións.
- Non se realizarán xuízos de valor.

Nome do alumno ou alumna:.....

Curso: ..... Idade: .....

### **1. Recollida de información:**

- Que ocorreu? (Descrición das distintas situacións )
- Cando o onde sucedeu?
- Quen son as persoas que o fixeron?
- Por que cres que o fixeron?
- Hai alguén que o vira?
- Quen coñece a situación? A quen contaches estas situacións que estás a vivir? A quen poderías contarlle?
- Hai alguén que te protexa?
- Desde cando están a suceder estas situacións?
- Como te sentes cando ocorre isto?
- Ti que fas cando sucede isto?
- Que pensas que tería que suceder para que se solucione este problema?



- 2. Informar das medidas que se tomarán intentando tranquilizar á presunta vítima.**
  
- 3. Concluir, volvendo a preguntar para que faga un resumo dos feitos: Entón dis que.....?**



## ANEXO III

### GUÍA PARA A ENTREVISTA COS OBSERVADORES NON PARTICIPANTES

- As /os observadores das situacións de maltrato acostuman a gardar silencio por presión dos agresores por medo a converterse en vítimas.
- As/os espectadores pasivos das situacións de maltrato padecen as consecuencias na mesma medida . Deben ter conciencia da necesidade de romper “a lei do silencio” para impedir que se produzan situacións de maltrato.
- Os observadores poden axudarnos a saber se realmente se dá a situación de maltrato ou se se trata doutras situacións.
- É aconsellable na entrevista utilizar termos que os alumnos e alumnas comprendan.
- Hai que insistir na confidencialidade da entrevista e garantir o anonimato.
- Non se realizarán xuízos de valor.

Realizárase a entrevista de un en un.

Escribir o nome do observador e a relación co presunto acosado ou acosada, non preguntando directamente estes datos.

- Como che vai no centro?
- Como te levas cos compañeiros e compañeiras?
- Tes bos amigos e amigas no centro?
- Consideras que as agresións entre compañeiros son un problema neste centro?
- Cales son na túa opinión as formas mais frecuentes de maltrato entre compañeiros?  
(insultar, poñer alcumes, rirse dalguén, ridiculizar, facer dano físico, falar mal de alguén, ameazar, chantaxear, obrigá a facer cousas, illar, rexeitar, non xuntarse)
- Fuches testemuña de situacións de maltrato a algún compañeiro ou compañeira? (Algunha vez, con frecuencia, case todos os días)
- ¿Que tipo de maltrato foi? (insultar, poñer alcumes, rirse dalguén, ridiculizar, facer dano físico, falar mal de alguén, ameazar, chantaxear, obrigá a facer cousas, illar, rexeitar, non xuntarse)
- Con que frecuencia cres que ocorren estas formas de maltrato?



- Onde acostuman ocorrer estas situacións? (na clase sen profesor/a, con profesor/a, nos corredores, nos baños, no patio, no ximnasio, nos vestiarios, na saída, no transporte, na rúa, por email, por mensaxes de móbil, etc..)
- Por que cres que algúns rapaces ou rapazas maltratan a outros? (por molestar, por ser mais fortes, por gastar bromas, por que o merecen)
- Que sentes ante esas actuacións dalgúns compañeiros ou compañeiras?
- Como cres que se senten os que realizan ese maltrato?
- Como cres que se sente o que recibe ese maltrato?
- Que fixeches cando ocorreron eses feitos?
- A quen lle contaches esta situación? (a ninguén, aos compañeiros, ao titor, a profesores, a meus pais, ao equipo directivo...)
- A quen poderías contarllo?
- Que tería que suceder para solucionar este problema?
- Que estarías disposto a facer para que esta situación se resolvese?



## ANEXO IV

### GUÍA PARA A ENTREVISTA COA FAMILIA DO PRESUNTO ALUMNO OU ALUMNA ACOSADO.

Nas entrevistas coas familias é necesario ter en conta que:

- É importante facer ver que aos pais e nais ou titores titoras a preocupación e o interese de todo o profesorado para que os alumnos e alumnas poidan acudir ao centro con seguridade e nun ambiente de relacións sociais positivas e tranquilas.
- Algúns pais ou nais poden pensar que o maltrato entre iguais forma parte da evolución natural e que sucedeu sempre. Hai que actuar nestes casos con firmeza se tratan de restar importancia.
- Non estamos buscando culpables con fins punitivos, tratamos de mellorar condutas e as relacións entre todos.
- Algúns familias séntense culpables cando descubren que o seu fillo ou filla está sendo vítima de malos tratos.
- Algúns pais e nais poden enfadarse co centro por entender que non se están prestando medidas suficientes de atención ao seu fillo ou filla.
- O centro ten que crear un clima de confianza e traballar conxuntamente coa familia para abordar o conflito e buscar respostas adecuadas que axuden a restablecer unhas relacións satisfactorias.
- Xamais hai que restar importancia a unha situación de conflito onde alguén este claramente prexudicado, pero tampouco aumentar o seu significado creando situacións de enfrontamento maiores.
- Hai que actuar coa maior confidencialidade.
- Non realizar xuízos de valor.

Acoden en calidade de: PAI – NAI – TITOR LEGAL – TITORA LEGAL.

Nome e apelidos: .....

Nome e apelidos: .....

Nome do alumno ou alumna: .....



Curso: . ..... Idade: .....

**1. Ao obxecto de poder tranquilizar á familia do presunto alumno ou alumna acosado é recomendable desenvolver os seguintes pasos:**

- 1.1. Informar dos feitos que se está a investigar.
- 1.2. Informar das actuacións inmediatas emprendidas polo centro.
- 1.3. Informar das medias que se poñen en marcha para modificar a situación.

**2. Recollida de información referida aos feitos denunciados.**

Que coñecemento tiña dos feitos? Que datos aporta a familia? Que respostas deu o alumno ou alumna ante as distintas situacións? Como está a repercutir no seu fillo ou filla o sucedido? Que compañeiros ou compañeiras poden ter participado nos feitos? Que medidas se tomaron por parte da familia?

**3. Recabar información da dinámica familiar e as relacións co obxectivo de profundar nos comportamentos na casa, relacións cos distintos membros da familia, relacións sociais, actividades de ocio e tempo libre, posibles cambios de comportamento.**

**4. Informar á familia do que pode facer para colaborar.**



## ANEXO V

### GUÍA PARA A ENTREVISTA CO PRESUNTO ALUMNO AGRESOR

- Débese analizar a conveniencia de realizar unha entrevista directa co agresor ou agresora e nese caso recoller información sobre os aspectos contemplados neste anexo, evitando preguntas directas.
- Ten que existir confidencialidade respecto ás fontes informativas que ocasionan a entrevista , sobre todo se a fonte é a vítima.
- Dado que os agresores adoitan desmentir a acusación que se lles atribúe, non bastará con preguntarlle só a el senón que debemos indagar por outros medios para esclarecer os feitos.
- Debemos falar co agresor ou agresora, amosarlle a nosa disposición para axudarlle en todo o eticamente posible e indicarlle que no caso de ser culpable deberá asumir a súa responsabilidade.
- Unha característica xeral dos agresores ou agresoras adoita ser a incapacidade para poñerse no lugar da outra persoa, non consideran que os seus actos repercutan en dano para a outra persoa.
- Debemos averiguar se realmente se está a dar a situación de maltrato ou se responde a outras situacións.
- É recomendable utilizar na entrevista expresións que os alumnos ou alumnas comprendan.
- Non realizar xuízos de valor.

Nome do alumno: .....

Curso. .... Idade: .....

#### **1. Recollida de información.**

- Como vas no centro?
- Como te levas cos teus compañeiros e compañeiras?
- Consideras que as agresións entre compañeiros ou compañeiras son un problema neste centro?
- Cales son na túa opinión as formas mais frecuentes de maltrato entre compañeiros?  
 (insultar, poñer alcumes, rirse dalguén, ridiculizar, facer dano físico, falar mal de alguén, ameazar, chantaxear, obrigar a facer cousas, illar, rexeitar, non xuntarse)
- Con que frecuencia ocorren estas formas de maltrato?
- Por que cres que algúns rapaces ou rapazas maltratan a outros ou outras?



- O outro día houbo un incidente con. ....Que pasou? Onde foi? ( Procurar que faga unha descrición dos feitos).

- Por que cres ti que pasou?

-Como te sentes nesa situación?

- Como cres ti que se sente (o presunto acosado ou acosada) ?

-Que tería que pasar para que se solucionase o problema?

- Que estás ti disposto a facer para axudar á persoa que está a sufrir este problema? A que te comprometes?

**2. Informar das medidas que poden chegar a aplicarse .**

**3. Concluir, volvendo a preguntar para que faga un resumo: Entón dis que.....**



## ANEXO VI

### GUÍA PARA A ENTREVISTA COA FAMILIA DO PRESUNTO ACOSADOR OU ACOSADORA

Nas entrevistas coas familias é necesario ter en conta que:

- E importante facer ver aos pais e nais ou titores e titoras a preocupación e o interese de todo o profesorado para que os alumnos e alumnas poidan acudir ao centro con seguridade e nun ambiente de relacións positivas e tranquilas.
- Algúns pais e nais poden pensar que o maltrato entre iguais forma parte da evolución natural e que sucedeu sempre. Hai que actuar nestes casos con firmeza si tratan de restar importancia.
- Algunhas familias séntense culpables cando descubren que o seu fillo ou filla está actuando como agresor ou agresora.
- Algúns pais ou nais de agresores entenden que a mellor forma de axudar aos seus fillos ou fillas é mostrándose hostil cara a persoa que comunica os feitos e néganse a aceptar a implicación do seu fillo ou filla.
- A agresividade nun alumno ou alumna non é atribuíble en todos os casos a factores familiares.
- Non estamos buscando culpables con fins punitivos, tratamos de mellorar as relacións entre todos.
- Cortar calquera comentario negativo acerca do neno ou nena agredido ou agredida.
- Hai que deter inmediatamente as ameazas. Teñen que entender que se persiste a conduta pode ter consecuencias moi negativas para todo o grupo.
- O centro ten que crear un clima de confianza e traballar conxuntamente coa familia para abordar o conflito e buscar resposta adecuadas que axuden a restablecer unhas relacións satisfactorias.
- Xamais hai que quitar importancia a unha situación de conflito onde alguén este claramente prexudicado, pero tampouco aumentar o seu significado creando situacións de enfrentamento maiores.
- Hai que actuar coa maior confidencialidade.
- Non realizar xuízos de valor.

Acoden en calidade de : PAI- NAI- TITOR LEGAL- TITORA LEGAL.

Nome e apelidos: .....



Nome e apelidos: .....

Nome do alumno ou alumna: .....

Curso: ..... Idade: .....

**1.- Co obxecto de tranquilizar á familia do presunto alumno ou alumna acosador ou acosador é recomendable desenvolver os seguintes pasos:**

- 1.1- Informar dos feitos que se está a investigar.
- 1.2- Informar das actuacións inmediatas emprendidas polo centro.
- 1.3- Informar sobre as medidas que se poñen en marcha no centro para modificar a situación.
- 1.4- Informar das consecuencias disciplinarias e legais que poden existir nos ámbitos escolares e sociais.

**2.- Recollida de información referidas aos feitos denunciados.**

Que coñecemento tiña dos feitos? Que datos aporta a familia? Que grao de implicación observan no seu fillo ou filla? Que condutas observan no seu fillo ou filla? Como está a repercuir no seu fillo ou filla o sucedido? Que compañeiros e/ ou compañeiras poden ter participado? Que medidas tomou a familia?

**3.- Recabar información da dinámica familiar e relacións co obxectivo de profundar en comportamentos na casa, relacións con distintos membros da familia, relacións sociais, actividades de ocio, posibles cambios de comportamento.**

**4.- Informar á familia do que pode facer para colaborar nunha resolución satisfactoria do caso.**



**ANEXO VII**

**INFORME SOBRE A SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR DO EQUIPO DE VALORACIÓN**

( Este informe ten carácter confidencial )

Nome da persoa que elabora este informe: .....

Centro: .....

Localidade: .....

Orixe da denuncia : (Familia, alumnado, titor. .... )

**1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN.**

**Alumno ou alumna presuntamente acosado ou acosada:**

Nome: .....

Curso: .....

Idade: .....

**Presuntos alumnos ou alumnas acosadores:**

Nome: .....

Curso: ..... Idade: .....

Presunto grao de implicación: Líder – Alto – Acompañante activo - Acompañante.

**Tipos de observadores: alumnos e/ou alumnas, profesores e/ou profesoras.....**



## **2.- LUGARES E DATAS DAS AGRESIÓNS:**

## **3.- DESCRICIÓN DOS TIPOS DE AGRESIÓNS E FRECUENCIA:**

Verbal: insultos, alcumes, ameazas, chantaxes, coaccións, outras...

Física: golpes, empuxóns, patadas ...

Social: illamento, humillacións, ridiculizacións, ...

Tecnolóxica: mensaxes telefónicos, correos electrónicos, difusión de imaxes ...

Material: rotura de materiais, subtracción de obxectos...

## **4.- OBXECTIVO DA AGRESIÓN.**

## **5.- CONSECUENCIAS DAS AGRESIÓNS.**

6.- Resumo das reunións celebradas, especificando asistentes, actitudes dos mesmos e data de realización das mesmas, así como posibles acordos acadados se é o caso.

## **7.- CONCLUSIÓNS.**

Data e sinatura.



## ANEXO VIII

INFORME DA DIRECCIÓN DO CENTRO SOBRE A SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR  
 DE.....  
 PARA O SERVIZO DE INSPECCIÓN.

(Este informe ten carácter confidencial )

CENTRO: .....

LOCALIDADE: .....

### 1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN.

#### **Alumno ou alumna presuntamente acosado ou acosada:**

Nome:.....

Curso: ..... Idade: .....

#### **Presunto/s alumno/s ou alumnas acusador/es.**

Nome: .....

Curso: ..... Idade: .....

**Presunto grao de implicación:** Líder – Alto – Acompañante activo – Acompañante.

Tipo de observadores: Alumnos /alumnas/ profesores/ profesoras ...

Orixe da solicitude: Familia, alumnos ou alumnas, titor ou titora...

### 2. LUGARES E DATAS DAS AGRESIÓNS:



### **3. DESCRICIÓN DOS TIPOS DE AGRESIÓNS E FRECUENCIA**

Verbal: insultos, alcumes, ameazas, chantaxes, coaccións, outras...

Física: golpes, empuxóns, patadas, ...

Social: illamento, humillacións, ridiculizacións, ...

Tecnolóxica: mensaxes telefónicos, correos electrónicos, difusión de imaxes ...

Material: rotura de materiais, subtracción de obxectos...

### **4. OBXECTIVO DA AGRESIÓN.**

### **5.- CONSECUENCIAS DAS AGRESIÓNS.**

### **6.- RESUMO DO PROCEDEMENTO.**



## 7.- MEDIDAS APLICADAS.

### 7.1. Protección á vítima.

Medidas adoptadas:

Responsables:

### 7.2 Aplicación de medidas disciplinarias cautelares:

Medida

Responsables:

### 7.3. Apertura de expediente disciplinario:

SI

NON

Data.....Instrutor ou instrutora.....

Datos do alumno ou alumna:

## 8.- Outras medidas e actuacións previstas.

ACTUACIÓNS

- Co alumnado implicado



- Co grupo
  
- Coas familias
  
  
- Co equipo docente
  
  
- Coa comunidade educativa

RECURSOS NECESARIOS

TEMPORALIZACIÓN

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

Data e sinatura



## 13. APROBACIÓN DO PLAN

O presente Plan de Convivencia, queda aprobado pola Dirección do centro tendo en conta as propostas do Claustro, é avaliado polo Consello Escolar o día 22 de marzo de 2021

Visto e Prace

A directora


A secretaria

Asdo.: María Jesús Pérez Pérez

Asdo.: Verónica Blanco Quintás



# PLAN DE TRABAJO DE CONVIVENCIA E BENESTAR



CEIP DE ROXOS  
CURSO 2023-24

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN (breve contextualización do plan no centro e xustificación deste)
2. ANÁLISE DO CONTEXTO (situación de partida no centro respecto aos ámbitos das súas funcións)
3. OBXECTIVOS (especificaranse indicadores)
4. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN (e difusión)

# 1 INTRODUCCIÓN

O **Plan traballo de convivencia e benestar** encóntrase enmarcado no **Proxecto Educativo** e dentro deste no **Plan de Convivencia** do centro mantendo conexión e coherencia co **Plan de Acción Titorial** e co **Plan de Atención a la Diversidade**. Por este motivo responde aos mesmos principios que constitúen a cultura do noso centro e que quedan recollidos en todos os documentos nos que se prantexan as accións levadas a cabo no noso labor educativo e que se recollen no noso **Proxecto Educativo**. Respondendo aos principios que se encontran no núcleo de nosa actividade docente:

## **Equidade**

A equidade fai referencia a todas as estratexias que despregamos para que o punto de partida do noso alumnado non sexa un obstáculo para que se desenvolvan ao máximo as súas potencialidades. Traballar desde a equidade supón despregar accións sistemáticas e coordinadas centradas nun alumnado moi diverso e heteroxéneo, implica valorar esta diversidade como unha fortaleza do noso centro e promover a xustiza social.

## **Igualdade**

A promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e la visibilización de actitudes de posicionamento contrarias a todas as violencias e en especial a á de xénero, o respecto á diversidade de identidades e expresións de xénero, orientacións sexuais e diversidades familiares.

## **Benestar e bo trato**

O noso centro educativo debe ser un lugar seguro, onde toda a comunidade educativa se sinta cómoda e se desenvolva un sentimento de pertenza tanto no espazo real coma no virtual, se rexeite de forma explícita calquera tipo de violencia, incluíndo o acoso e o ciberacoso contra calquera persoa da nosa comunidade educativa.

## **Competencia socioemocional**

A convivencia tamén debe ser obxecto de aprendizaxe e debe promover a competencia persoal, social e de aprender a aprender, desenvolvendo a autoconciencia, a autoxestión, as habilidades de relación, a conciencia social e a toma de decisións responsables.

## **Participación**

O papel activo da comunidade educativa, e de forma máis específica do alumnado, é un principio que garante o éxito académico, o vínculo e a pertenza ao noso centro.

## **Traballo colaborativo**

O traballo colaborativo en equipos docentes, equipos de titores, entre o propio alumnado ou con axentes do entorno promovendo os espazos e tempos de encontro e a reflexión sobre a práctica para melloralas.

## **Enfoque restaurativo**

Un enfoque restaurativo da convivencia supón aproveitar os conflitos como oportunidades de aprendizaxe, buscando que as persoas que fan dano asuman as súas responsabilidades reparando o dano causado xa sexa emocional, moral ou material, se atendan as necesidades dos que sofren e dos que fan sufrir e que todas as partes teñan un papel activo na resolución dos seus conflitos.

O **Plan de convivencia** recolle por tanto, todas os recursos e estruturas que poñemos a disposición da comunidade educativa para mellorar e educar en convivencia, así como os niveis nos que organizamos as diferentes intervencións e os mecanismos de avaliación e difusión de dito Plan. Este plan responde aos plantexamentos da **LOMLOE** (Lei Orgánica 3/2020 del 29 de decembro)

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

## 2 ANÁLISE DO CONTEXTO

O Plan de Convivencia está ensartado na práctica diaria do centro, implementado por numerosos axentes tanto internos como externos ao centro e dirixido polo Equipo Coordinador. A continuación sinalamos os diferentes equipos e axentes que traballan no desenvolvemento deste plan.

O **profesorado** ten que ter un papel activo na promoción dun bo clima de participación e convivencia tanto na aula coma no centro, a atención á diversidade, a igualdade e a convivencia escolar, o respecto á liberdade e identidade de xénero, a orientación sexual, as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa. Intervir con medidas educativas ante os conflitos cotiáns e comunicar á Xefatura de estudos, equipo de convivencia ou orientación calquera situación relevante relacionada coa convivencia ou condutas de risco para calquera membro de la comunidade educativa.

O papel das **familias** é fundamental para prever e detectar situacións contrarias á convivencia. As familias deben contar con información básica sobre igualdade, convivencia e sobre como educar os seus fillos e fillas en competencias sociais e emocionais. O centro incluírá na súa programación información básica sobre este tema para incluír nas reunións de acollida ou en reunións de formación a realizar durante o curso. Todas as familias teñen un papel de observación respectuosa na nosa comunidade educativa, de modo que si perciben algunha situación que poida ser lesiva para os intereses de calquera menor deben comunicalo ao centro. As familias de alumnado con problemas recorrentes de saúde mental deben comunicar ao centro a través do seu titor o titora estas situacións e informar do seguimento que se realiza por parte de institucións externas (centro de saúde mental, servizos psicolóxicos do concello ou atención psicolóxica privada). En caso de que non se realice seguimento profesional deben comunicalo igualmente.

O **persoal non docente** realiza un labor diario de acompañamento e coidado dos menores. O seu papel no Plan de Convivencia é detectar calquera situación que poña en risco o benestar do alumnado e comunicalo á Xefatura de estudos. O persoal non docente necesita formación para establecer os indicadores de observación que son necesarios detectar entre o alumnado.

O **alumnado** non só é destinatario deste plan como o resto dos axentes que o implementan senón que teñen un papel activo na formación dos seus iguais e na detección e incluso intervención ante certas situacións críticas. Todo o alumnado pertence a algunha das estruturas de participación que contempla o Plan de Acción Titorial. Estas estruturas poden variar cada curso en función das persoas adultas que as sosteñen; en todas se busca que o alumnado de cada grupo promova o traballo que realiza na súa estrutura entre os seus iguais na aula e no centro. A facilitación de círculos de diálogo por parte do alumnado é un recurso moi útil para abordar preventivamente

calquera tema relacionado coa convivencia. O alumnado tamén ten un papel activo na observación e coidado dos seus iguais, deben coñecer os indicadores do bo e de mal trato e compartir a información cos adultos do centro. Así mesmo teñen un papel importante na contención ante situacións de gravidade e debe coñecer como reaccionar ante estas situacións

Funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia

1. **As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia** son as seguintes:

a) En coordinación co **equipo directivo**:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co **departamento de orientación**:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas **asociacións de nais e de pais**:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

A **comisión de convivencia do Consello Escolar** debe reflexionar sobre as liñas xerais de actuación que debe ter o Plan no curso seguinte en función das necesidades que detecten.

**Recursos externos**

**Protocolos**

## 3 OBXECTIVOS

1. Crear un entorno de aprendizaxe seguro e predicible onde todo o alumnado poida sentir comodidade e aceptación por parte da comunidade educativa.
2. Crear redes e estruturas de coidado mutuo para desenvolver a capacidade de axuda e empatía entre a comunidade educativa e que todas as persoas poidan sentirse acollidas e partícipes da vida do centro.
3. Desenvolver as competencias socioemocionais entre o alumnado para que aprendan a identificar retos, valorar as súas capacidades e limitacións, establecer vínculos e relacións de axuda e tomar decisións con criterios éticos, de autocoidado e coidado mutuo.
4. Articular medidas eficaces e coordinadas para xestionar as clases con eficacia, para xestionar conflitos e reparar o dano que se causa ao resto de membros da comunidade educativa.
5. Definir as coordinacións co entorno para afrontar dificultades relacionadas coa convivencia que impliquen intervención especializada.

## INDICADORES

### 1. CREAR COMUNIDADE

Entendemos por CREAR COMUNIDADE todas as actuacións que se realizan desde o centro destinadas a acoller e xerar vínculos entre toda a comunidade educativa. Trátase por tanto de actividades que teñen un claro sentido preventivo e que ocupan unha parte importante da enerxía que despregamos para mellorar a calidade da convivencia no centro.

Profesorado, familias, persoal non docente e alumnado teñen un papel activo na observación e crearanse canais de escoita e confianza para que toda a comunidade educativa saiba que compartir esta información é a mellor maneira de tratar estas situacións.

Crear comunidade educativa é conseguir xerar vínculos entre os seus membros. Na medida en que o alumnado de cada clase, ou o profesorado, as familias ou o persoal non docente están máis vinculados aumentan as posibilidades de contar cun entorno seguro e con relacións saudables e diminúen as de encontrarnos con situacións de acoso ou con relacións de dominio e submisión.

Farase a través de círculos de diálogo, entrevistas, actividades de acollida do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal non docente, actividades para xerar e coidar vínculos (Nadal, Samaín , Entroido, convivencias, final de curso...), formación do profesorado, formación para as familias e os alumnos, charlas, actividades para aprender a detectar situacións de risco

### 2. EDUCAR EN CONVIVENCIA

A convivencia non so é mellorar no clima relacional do centro, senón que tamén debe ser obxecto de aprendizaxe e por tanto debe ser explicitada en termos de competencias a desenvolver e debe estar recollido nos documentos e programacións. Cando falamos de aprender a convivir referímonos a desenvolver a competencia clave persoal, social e de aprender a aprender que pode

desglosarse en cinco subcompetencias: autoconciencia , autoxestión, conciencia da outra persoa, habilidades de relación e toma de decisións responsables.

### **3. EDUCAR EN COMPETENCIAS SOCIOEMOCIONAIS**

Trátase de prevención primaria e de educar na competencia persoal, social e de aprender a aprender que plantexa la LOMLOE: Promovendo a autoconciencia do alumnado e a autoxestión, desenvolvendo a conciencia social, promovendo habilidades de relación, ensinar a tomar decisións responsables.

### **4. INTERVIR EN CONFLICTOS COTIÁNS**

Os conflitos forman parte do día a día nun centro educativo e temos a oportunidade de aprender e ensinar a xestionalos de forma positiva. Referímonos á posibilidade de que as persoas implicadas se sintan escoitadas, que quen cause dano poida tomar conciencia do impacto da súa conducta, asuman as súas responsabilidades, reparen o dano causado e cambien a súa conducta para futuras ocasións porque poden anticipar as consecuencias dos seus actos.

Consideramos fundamental unha intervención rápida por parte do Centro para que a situación non se faga crónica. Para poder intervir de forma rápida necesitamos contar co sistema de detección, no que profesorado, familias, persoal non docente e alumnado teñen un papel activo na observación e no que se crearon cauces de escoita e confianza para que toda a comunidade educativa saiba que compartir esta información é a mellor maneira de tratar estas situacións

A detección de conflitos cotiáns pode provir de calquera membro da comunidade educativa. O profesorado, as familias, o persoal non docente ou o alumnado teñen un papel activo na detección de situacións contrarias á convivencia. Ante situacións que poden pasar máis desapercibidas como é o caso do acoso escolar, dispoñemos dunha rede formada por estudantes e profesorado con formación en indicadores de acoso para observar e compartir calquera circunstancia relacionada con este fenómeno. A estrutura de Círculos de Convivencia ten asignada esta función especial.

### **5. INTERVIR EN CONFLICTOS GRAVES**

A gravidade dun conflito vén dada polo número de persoas implicadas e polo impacto que ten nas persoas que forman parte da comunidade educativa. Estamos na parte alta da pirámide e afortunadamente ao longo del curso hai moitos menos conflitos graves que conflitos cotiáns e por tanto as intervencións son menos necesarias. En calquera caso, o plantexamento é o mesmo, dar protagonismo ás persoas implicadas, reflexionar e reparar o dano causado. Dentro deste nivel incluímos a activación dos protocolos de intervención.

Cando falamos de situacións de risco en persoas con necesidades emocionais especiais referímonos ás que presenta o alumnado con algún tipo de vulnerabilidade debido a circunstancias diversas: padecer situacións de depresión, de ansiedade, ter un TCA, presentar autolesións, manifestar ideación suicida, presentar TOC, conduta violenta, conduta sexualmente inaceptable...

Nestes casos é imprescindible a detección e que ante situacións conflitivas exista unha formación axeitada da comunidade educativa para que se poida intervir con éxito. Débese tomar unha decisión inicial e facer as entrevistas pertinentes, tendo delimitadas as funcións dos integrantes que van intervir. A partir de aí intervénse aplicando as medidas sancionadoras que correspondan a cada caso e levarase a cabo unha intervención restaurativa, que implicará unha entrevista restaurativa cos implicados por separado, conversas restaurativas para poder restaurar os danos causados e cando están implicadas varias persoas pódese realizar un círculo restaurativo. Todo isto require un seguimento posterior.

# 4 PROCEDIMIENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

A avaliación deste plan realízase por parte de todos os axentes implicados, en diferentes momentos e con instrumentos diversos.

## Quen avalía

### ALUMNADO

Avalían a marcha das clases e poñen en común a evolución e o resultado de programas que se puxeran en marcha para mellorar a convivencia e benestar da clase e valorar a resolución de conflitos.

### PROFESORADO

*Titores:* avalían de forma permanente a marcha dos seus grupos nas reunións de coordinación con Orientación e coa xefatura de estudos.

*Equipo de convivencia e coordinación de benestar:* avalía a calidade da convivencia nos diferentes niveis nas reunións periódicas que se manteñen.

*Equipo directivo:* avalían de forma permanente a calidade da convivencia e do benestar no centro nas súas reunións semanais.

*Profesorado en xeral:* avalía a calidade da convivencia nas sesións de avaliación de cada trimestre e de forma global a final de curso.

### FAMILIAS

*ANPA:* mantense comunicación co equipo directivo cando sexa preciso e intervéñen no equipo de convivencia escolar do Consello Escolar.

*Familias en xeral:* revisan a calidade da convivencia e o benestar nas clases e nas entrevistas cos titores e demais profesorado, co equipo directivo ou o departamento de orientación. Cabe sinalar a súa participación no Consello Escolar e no equipo de convivencia do mesmo.

### PERSOAL NON DOCENTE

Comparten a información relevante sobre a convivencia de forma sistemática co equipo directivo e co Departamento de Orientación.

### OUTROS AXENTES

*Consello escolar:* Avalía trimestralmente nas reunións de consello escolar. A comisión de convivencia do consello escolar diseña propostas de mellora da convivencia e do benestar no centro. Ademais pode deseñar liñas de traballo en convivencia para o curso seguinte en función das conclusións da avaliación anual.

*Axentes externos:* será necesaria a colaboración con axentes externos para mellorar a convivencia e benestar do centro educativo. Cos servizos externos que poidan aportar actividades para enriquecer o traballo realizado no centro, así como cos servizos sociais ou coa UACO.

# Como se avalía

Como procedementos de avaliación podemos empregar os seguintes: observación, comunicación, círculos de diálogo, enquisas, reunións.

## SEGUIMIENTO E MELLORA DO PLAN

ACTUACIÓN	TEMORALIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO		
		1	2	3
Acollida do profesorado	Setembro ou momento de incorporación			
Acollida alumnado	Setembro ou momento de incorporación			
Acollida familias	Setembro momento de incorporación			
Acollida persoal non docente	Setembro ou momento de incorporación			
Presentación do plan de convivencia do centro	Setembro			
Participación do alumnado e das familias nas actividades de centro/ aula.	Ao longo do curso.			
Interiorización de valores a partir da reflexión persoal e crítica de situacións reais, fomentando sempre o respecto pola diversidade de opinións, a empatía e as diferenzas.	Segundo as necesidades do momento.			
Programa de HHSS, mediación escolar, Educación emocional, debates que fomenten o espírito crítico no alumnado sobre temas sociais controvertidos que afecten a convivencia pacífica.	Segundo as necesidades do momento.			

Coñecemento e achegamento ás características persoais do alumnado con NEAE.	Ao longo do curso.			
Actividades de información sobre as características persoais de certo alumnado e aquelas derivadas do seu trastorno, a fin de promover a inclusión e o respecto á diversidade.	Ao longo do curso			
Actividades na aula e no Centro o encontro e a empatía, respectando e valorando tanto as diferentes perspectivas, como a diversidade que aporta cada membro das aulas e da comunidade educativa.	Ao longo do curso			
Formación e información sobre aspectos da convivencia e o benestar da comunidade educativa	Ao longo do curso			
Satisfacción das medidas adoptadas en cada momento ou aplicación dos protocolos pertinentes.	Ao longo do curso			
Recollida de propostas de mellora para o curso seguinte	Final de curso			

1: conseguido

2: parcialmente conseguido

3: non conseguido

A partir da análise de resultados modificarase ou non os procedementos levados a cabo e incluíranse as modificacións pertinentes.